PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Criterios de Cualificación

CURSO 2020-2021

XEFA DEPARTAMENTO: Ana Mª Rivera Corral

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, que xa foron determinados anteriormente. A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceremos medidas de reforzo, que se adoptarán en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe.
Realizaranse tres avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo cos momentos fixados pola xefatura de estudos, habitualmente coincidentes coa fin de cada trimestre natural. Isto suporá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino-aprendizaxe e conseguintemente a elaboración de propostas de mellora .

1- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN da ACTIVIDADE PRESENCIAL

Para que a avaliación sexa efectiva, o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se vai avaliar. Nos tres trimestres valoraranse tanto os contidos teóricos como os contidos procedimentais ou prácticos cos procedementos de avaliación máis axeitados para cada un dos tipos de contidos. Así mesmo, a observación do alumno na clase será tamén fundamental á hora de determinar a súa cualificación parcial en cada trimestre, así como a final.
Para clarificar todo o proceso de baremación, cada materia será fixada en torno aos tres plantexamentos comentados: ***contidos conceptuais*, *contidos procedimentais* e *contidos actitudinais*.**

1-Como **baremo**, empregarase o modelo tradicional de 1 a 10 coa seguinte escala: **1-4** (Insuficiente); **5** (Aprobado); **6** (Ben); **7-8** (Notable); **9-10** (Sobresaínte). As correccións que realice o profesor sobre as tarefas, exercicios e traballos do alumnado serán coñecidas por estes sempre que sexa posible. Para isto o profesor mostrará os exercicios unha vez corrixidos.

a) Ningunha nota parcial, sexa teórica ou práctica, será inferior a un **3** . De suceder este caso, non poderían aplicarse as porcentaxes establecidas e a cualificación sería directamente un INSUFICIENTE, xa que algún dos mínimos establecidos da materia quedarían sen cubrir.

b) Ningunha nota de actitude será igual a **0.** De suceder esto, non poderían aplicarse as porcentaxes establecidas xa que o alumno mostraría actitudes contrarias a convivencia e ao desenvolvemento correcto da materia, e a cualificación sería directamente INSUFICENTE.

2- As **probas teóricas** consistirán en:
- probas escritas dos contidos das diferentes unidades: exames
- traballos e actividades así coma a exposición oral dos mesmos, CANDO SEXA POSIBLE.

As **probas prácticas** consistirán en :
- Lectura melódico-rítmica dun mínimo de partituras desenvoltas e estudiadas na clase. A proba será oral e poderá ser gravada polo profesor para valorar máis detalladamentre a realización da mesma ou ben, gravada polo alumno e entregada ao profesor en formato dixital, nos prazos establecidos para tal fin.
- Análise de audicións

Importante:A manipulación visual ou auditiva das gravacións entregadas suporá a anulación das cualificacións obtidas neste apartado de xeito automático e a valoración negativa (0) do mesmo.

A valoración tanto das probas teóricas como prácticas suporá unha porcentaxe da nota final da avaliación. Dita porcentaxe establecerase en función dos grupos e niveis nos apartados que siguen.

3. Actitude. A valoración deste apartado realizarase a través da observación dos seguintes parámetros:

- realización das tarefas e actividades propostas polo profesor.
- participación activa e positiva na clase e nas actividades.
- entrega en prazo das actividades propostas
- estudo das partituras propostas.
- puntualidade e asistencia as clases.
- levar o material de traballo a aula.
- coidado e respeto polo material da aula.
- gardar silencio no transcurso da clase.
- respeto polo profesor e polos compañeiros.

Actitude negativa considérase a non realización dalgún dos puntos anteriormente expostos ou da sua totalidade. Cada intervención negativa do alumno suporá restar (-0,10 puntos) do punto previsto para este apartado na avaliación.

4- A superación da materia implica **aprobar todas as avaliacións**. En caso contrario, será preciso realizar alomenos un exame de recuperación. Se o alumno/a non supera a materia, despois de cada avaliación, deberá realizar un examen tanto teórico como práctico de recuperación destes contidos . Para a ponderación da nota , respetarase a nota obtida no apartado de actitude de cada avaliación.
No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliación, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.

5-A nota final do curso
Obterase realizando a media aritmética das tres notas da avaliación, polo tanto, poderá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación. Esta deberá ser maior ou igual a **5** para aprobar o curso. No caso contrario:

- No caso de ter ***unha avaliación suspensa e non recuperada***, o profesor estudará a evolución do alumno ao longodo curso. Se esta é positiva e ascendente, o profesor considerará recuperada dita avaliación, alcanzando deste modo o alumno o aprobado.
- Se por contra, se teñen ***dúas ou mais avaliacións suspensas e non recuperadas***, a **materia quedará suspensa**. No obstante, o profesor considerará a posibilidade de ofrecer ao alumno un exame de recuperación final no mes de Xuño, de todos os contidos desenvoltos durante o curso, tanto teóricos como prácticos.

6. No mes de Setembro
Realizarase unha convocatoria de carácter extraordinario para o alumnado que non superara a materia no mes de Xuño.
As probas extraordinarias de Setembro, consistirán nun único examen, onde se contemplarán aspectos tanto teóricos como prácticos. A cualificación virá determinada pola suma de diferentes porcentaxes según o nivel.

7- A detección de medios fraudulentos (chuletas, gravacións, auriculares.....) no alumnado durante a realización de calquera das probas de avaliación-recuperación, suporá a anulación inmediata do examen e a cualificación negativa (0) do mesmo.

8- Os criterios de avaliación e cualificación estarán dispostos na Aula de Música para a consulta dos alumnos e pais que o desexen. Así mesmo, o profesor informará os seus alumnos o comenzo do curso ou en calquera momento que considere oportuno de todas as cuestións relativas a materia.

2- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN da ACTIVIDADE NON PRESENCIAL

Os criterios de avaliación e cualificación previstos no caso de ***interrupción da actividade presencial*** valorarán especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, axustándose aos contidos mínimos establecidos na presente preogramación, e reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas durante a actividade presencial do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Os alumnos serán informados dos seguintes criterios de cualificación:

1-- Avaliación Ordinaria do mes de Xuño

a)- A consecución dos obxectivos programados determinará a cualificación da cada alumno na avaliación ordinaria. As cualificacións serán numéricas, de 0 a 10, ambos inclusive. As notas da avaliación e da avaliación extraordinaria de Setembro cualificaranse de 1 a 10, ou de 0 a 10 (Bacharelato) segundo a lexislación vixente.

b)-.Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das actividades desenvoltas durante os periodos presenciais, e das avaliacións anteriores e sempre que iso favoreza ó alumno ou alumna.
A avaliación das aprendizaxes desenvoltas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico.

c)-Tomaranse como notas de referencia as notas da actividade presencial ou das avaliacións anteriores, en caso de que estas xa foran realizadas, podéndose suplementar dita nota, coa valoración das competencias, examenes, actividades e traballos realizados polo alumno de xeito telemático. **Os puntos que se sumarán á nota media das avaliacións anteriores, nunca poderán ser superiores a 3.**

d)-Para os alumnos que desenvolvan **clases non presenciais**, valorarase o traballo e actividades desenvoltas durante este periodo a través da Aula Virtual, de acordo as porcentaxes establecidas para cada nivel, na sua nota de avaliación. As **probas avaliadoras** realizaranse de xeito non presencial a través da Aula Virtual do centro.

e)- A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso **2020/2021** considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes que se desenvolvan durante o periodo non presencial sempre e cando se beneficie ó alumnado.

f)-A Nota Final, obterase realizando a media aritmética das notas das tres avaliacións. Esta poderá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación.
O resultado final deberá ser igual ou superior a 5 para aprobar o curso.

2- Recuperación

Aqueles alumnos que realicen as probas e actividades de recuperación propostas no caso de actividade non presencial de xeito correcto e mostren un hábito constante de traballo recuperarán a/as avaliacións suspensas.

A nota máxima da recuperación non presencial será un 5, xa que ó non ter clases presenciais faise complicado facer un seguimento detallado do traballo dos alumnos, así como a valoración total dos coñecementos adquiridos, polo que ó traballar contidos mínimos a valoración será de aprobado ou suspenso.

3- Avaliación Extraordinaria do mes de Setembro

Os alumnos que non superen a materia en Xuño, realizarán as probas de avaliación extraordinarias do mes de Setembro.

Sempre se adecuarán os contidos da proba de Setembro, aos contidos desenvoltos de xeito presencial e non presencial ao longo do curso escolar, axustando sempres ditos contidos aos mínimos establecidos para cada nivel..

De non ser posible a sua realización presencial, serán informados das probas e traballos de recuperación que deberán facer e presentar nas datas indicadas a través da Aula Virtual do centro, para poder superar a materia. Estes traballos adecuaranse os contidos mínimos de cada materia e nivel.

3 -CRITERIOS CUALIFICACIÓN e PROMOCIÓN por Materias da Área de Música

Tendo en conta as anotacións previas, determino a continuación calen son os criterios e porcentaxes para a promoción dos alumnos por niveis e materias.

Obradoiro Musical 1º eso **Avaliación Ordinaria**	
Contidos conceptuáis ***(40%)+(30%)***	Valoraranse mediante a realización dunha pequena proba escrita sobre os contidos da materia tanto teóricos coma da linguaxe musical (40%) ,xunto coa valoración das actividades e/ou traballos do caderno de clase e da aula virtual (30%) Búscase así constatar o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe, os contidos mínimos e as competencias clave. No caso de probas non presenciais estas realizaranse a través da Aula Virtual do centro, sendo a sua ponderación a mesma que no caso da actividade presencial.
Contidos procedimentais ***(20%)***	Tamén serán avaliadas as destrezas auditivas e/ou de lectura musical (solfeo) do alumno mediante probas de audición e lectura musical, alomenos unha de cada por trimestre (20%). Valorarase especialmente o desenvolvemento das mesmas durante a actividade presencial.
Contidos actitudinais ***(10%)***	Empregarase a observación como principal ferramenta de avaliación, prestando atención as notas de clase, o traballo diario de clase e de casa, a atención, a actitude de respecto ante os contidos, o respecto fronte as normas de traballo...

Avaliación Extraordinaria Setembro	
Contidos conceptuáis e procedimentais ***(100%)***	Valoraranse mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos da materia tanto teóricos coma da linguaxe musical (100%) No caso de probas non presenciais estas realizarase a través da Aula Virtual. A sua ponderación será a mesma que a da proba escrita. Na proba de Setembro únicamente se valorarán os contidos da materia e en ningún caso se terá en conta a actitude.

2º Eso Avaliación Ordinaria	
Contidos conceptuáis (60%)+(20%)	Valoraranse mediante a realización dunha proba escrita (examen) sobre os contidos teóricos da materia. (60%), xunto coa valoración das actividades e traballos do caderno de clase e/ou da Aula virtual, (20%) Búscase así constatar o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe, os contidos mínimos e as competencias clave. No caso de probas telemáticas estas realizaranse a través da Aula Virtual e, a sua valoración será a mesma que a das probas teóricas.
Contidos procedimentais (10%)	Tamén serán avaliadas as destrezas auditivas e/ou de lectura musical (solfeo) do alumno mediante probas de audición e lectura musical (10%). No caso de actividade non presencial, os alumnos farán chegar o resultado destas probas o profesor a través das canles habilitadas a tal fin,(aula virtual, correo corporativo....) mediante gravacións das pezas indicadas.
Contidos actitudinais (10%)	Empregarase a observación como principal ferramenta de avaliación, prestando atención as notas de clase, o traballo diario de clase e de casa, a atención, a actitude de respecto ante os contidos, o respecto fronte as normas de traballo..

Avaliación Extraordinaria Setembro	
Contidos conceptuáis (80%)	Valoraranse mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos teóricos da materia (80%) Na proba de Setembro únicamente se valorarán os contidos da materia e en ningún caso se terá en conta a actitude.
Contidos procedimentais (20%)	Tamén serán valoradas as destrezas auditivas e/ou de lectura musical (solfeo) do alumno mediante probas orais de audición e/ou de lectura musical (20%). No caso de actividade non presencial, os alumnos farán chegar o resultado desta proba o profesor a través das canles habilitadas a tal fin,(aula virtual, correo corporativo....) mediante gravacións das pezas indicadas
Probas non Presenciais (100%)	No caso de ter que facer a avaliación de xeito non presencial, as probas avaliadoras realizaranse a través da Aula Virtual, no que se refire as probas teóricas. Ponderación (80%) A proba de lectura musical deberá ser gravada polo alumno e enviada polas canles establecidas (aula virtual correo...) o profesor nos plazos establecidos a tal fin. (20% da nota)

3º Eso **Avaliación Ordinaria**	
Contidos conceptuáis ***(50%)+(20%)***	Valorarase mediante a realización dunha **proba escrita (examen)**, por trimestre. Dita proba servirá para a avaliación dos contidos máis teóricos da materia. No caso de actividade *Non presencial* realizarase a través Aula Virtual do centro. A sua ponderación será dun ***50% da nota.*** Realización dun **traballo obrigatorio** de carácter teórico. Este traballo será realizado en pequenos grupos de 3- 4 alumnos. A temática dos mesmos contemplarán tanto análise de audicións como busca de información sobre diversos aspectos e contidos teóricos traballados nas unidades didácticas das diferentes avaliacións. A sua ponderación será dun ***20% da nota.*** Os traballos deberán ser expostos na aula, empre que sexa posible, no seu defecto deberanse entregar a través da Aula virtual nos prazos establecios para a sua cualificación. Estes traballos avaliaranse según as rúbricas e indicadores de logro establecidos a tal fin. Búscase así constatar o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe, os contidos mínimos e as competencias básicas .
Contidos procedimentais ***(20%)***	Tamén serán avaliadas as destrezas auditivas do alumno mediante **probas escritas de audición (20%).** No caso de actividade non presencial, os alumnos farán chegar o resultado da análisis de audición proposta a través das canles habilitadas a tal fin, mediante un pdf coa audición /ons asignadas.
Contidos actitudinais ***(10%)***	Empregarase a observación como principal ferramenta de avaliación, prestando atención as notas de clase, o traballo diario de clase e de casa, a atención, a actitude de respecto ante os contidos, o respecto fronte as normas de traballo...

Avaliación Extraordinaria Setembro	
Contidos conceptuáis ***(60%)***	Valoraranse mediante a realización dunha **proba escrita** sobre os contidos teóricos da materia **(60%)** Na proba de Setembro únicamente se valorarán os contidos da materia e en ningún caso se teráen conta a actitude.
Contidos procedimentais ***(40%)***	Tamén se valorarán as destrezas auditivas mediante unha pequena **proba escrita de análise** dunha ou varias das audicións traballadas durante o curso **(40%)**,
Probas non Presenciais ***(100%)***	No caso de avaliación non presencial, ambas probas realizaranse a través da Aula Virtual do centro. A sua ponderación será a mesma que se fosen presenciais.

4º Eso **Avaliación Ordinaria**	
Contidos conceptuáis ***(50%)+(20%)***	Valorarase mediante a realización dunha **proba escrita (examen)**, por trimestre. Dita proba servirá para a avaliación dos contidos máis teóricos da materia. No caso de actividade *Non presencial* realizarase a través Aula Virtual do centro. A sua ponderación será dun ***50% da nota.*** Realización dun **traballo obrigatorio** de carácter teórico. Este traballo será realizado en pequenos grupos de 3- 4 alumnos. A temática dos mesmos contemplarán tanto análise de audicións como busca de información sobre diversos aspectos e contidos teóricos traballados nas unidades didácticas das diferentes avaliacións. A sua ponderación será dun ***20% da nota.*** Os traballos deberán ser expostos na aula, empre que sexa posible, no seu defecto deberanse entregar a través da Aula virtual nos prazos establecios para a sua cualificación. Estes traballos avaliaranse según as rúbricas e indicadores de logro establecidos a tal fin. Búscase así constatar o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe, os contidos mínimos e as competencias básicas .
Contidos procedimentais ***(20%)***	Tamén serán avaliadas as destrezas auditivas do alumno mediante **probas escritas de audición (20%).** No caso de actividade non presencial, os alumnos farán chegar o resultado da análisis de audición proposta a través das canles habilitadas a tal fin, mediante un pdf coa audición /ons asignadas.
Contidos actitudinais ***(10%)***	Empregarase a observación como principal ferramenta de avaliación, prestando atención as notas de clase, o traballo diario de clase e de casa, a atención, a actitude de respecto ante os contidos, o respecto fronte as normas de traballo...

Avaliación Extraordinaria Setembro	
Contidos conceptuáis ***(60%)***	Valoraranse mediante a realización dunha **proba escrita** sobre os contidos teóricos da materia **(60%)** Na proba de Setembro únicamente se valorarán os contidos da materia e en ningún caso se teráen conta a actitude.
Contidos procedimentais ***(40%)***	Tamén se valorarán as destrezas auditivas mediante unha pequena **proba escrita de análise** dunha ou varias das audicións traballadas durante o curso **(40%)**,
Probas non Presenciais ***(100%)***	No caso de avaliación non presencial, ambas probas realizaranse a través da Aula Virtual do centro. A sua ponderación será a mesma que se fosen presenciais.

<u>Análise Musical I. (Bacharelato)</u> **Avaliación Ordinaria**	
Contidos conceptuáis ***(40%)***	Valorarase mediante a realización dunha **<u>proba</u>** **<u>escrita</u>** **<u>(examen)</u>**, por trimestre. Dita proba servirá para a avaliación dos contidos máis teóricos da materia. A sua ponderación será dun 4**0%** da nota. No caso de non poder realizarse de xeito presencial, dita proba realizarase a través da Aula Virtual do centro.
Contidos procedimentais ***(30%)+(20%)***	Serán especialmente avaliadas as destrezas auditivas do alumno mediante **<u>probas escritas de análise de audición</u> (30%).** Realización dun **<u>traballo obrigatorio</u>** de carácter práctico (**<u>Análise de audición</u>**). A sua ponderación será dun **20%** da nota. Este traballo será realizado de xeito individual. Os traballos deberán ser expostos na aula, e avaliaranse según as rúbricas e indicadores de logro establecidos a tal fin. Búscase así constatar o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe, os contidos mínimos e as competencias básicas . No caso de actividade non presencial, os alumnos farán chegar o resultado das análisis de audición e dos traballos propostos a través das canles habilitadas a tal fin, mediante un pdf coas audición /s asignadas.
Contidos actitudinais ***(10%)***	Empregarase a observación como principal ferramenta de avaliación, prestando atención as notas de clase, o traballo diario de clase e de casa, a atención, a actitude de respecto ante os contidos, o respecto fronte as normas de traballo...

Avaliación Extraordinaria Setembro	
Contidos conceptuáis ***(40%)***	Valoraranse mediante a realización dunha **proba escrita** sobre os contidos teóricos da materia **(40%)** Na proba de Setembro únicamente se valorarán os contidos da materia e en ningún caso se terá en conta a actitude.
Contidos procedimentais ***(60%)***	Tamén se valorarán as destrezas auditivas mediante unha **<u>proba escrita de análise de audición</u>** dunha das audicións traballadas durante o curso **(60%)**,
Probas non Presenciais ***(100%)***	No caso de avaliación non presencial, ambas probas realizaranse a través da Aula Virtual do centro. A sua ponderación será a mesma que se fosen presenciais. A sua ponderación será do **100%** da nota .

4-CRITERIOS PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

A atención ao alumnado coa materia de Música pendente de cursos anteriores correspóndelle ao conxunto do departamento, se ben o encargado da súa coordinación será o xefe de departamento. Alomenos unha vez por trimestre, o departamento dedicará unha reunión ao seguimento e valoración do proceso de recuperación deste alumnado, tomando as medidas correctoras e de reforzo que se consideren necesarias.
Atendendo á lexislación sobre os alumnos con materias pendentes, o Departamento de Música acordou a realización dunha serie de probas obxectivas, coas mesmas características da proba de setembro, para a consecución dos elementos básicos da materia pendente que se quere recuperar. Igualmente, os alumnos realizarán ao longo do curso diferentes fichas e probas trimestrais, que poidan acreditar a adquisición dos contidos mínimos.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do alumnado pendente na ESO serán os seguintes:

a) **Fichas de recuperación**: inclúe a realización de traballos específicos que axudan a lembrar aspectos fundamentais da materia que se ten que recuperar. Este aspecto é de especial relevancia no caso de alumnos que cursan o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR).

b) **Probas específicas** de recuperación: o alumno poderá optar a dous modelos de exames que terán unha temporalización diferente para cada caso concreto, sempre seguindo a temporalización marcada pola xefatura de estudos. Ditas opcións son as seguintes:

- División da materia a recuperar en dúas probas (Novembro e Febreiro) máis unha proba final extraordinaria (Maio)
- Realización dunha única proba que permita recuperar a materia dun modo definitivo. A data escollida sitúase aproximadamnente no mes de Maio.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PENDENTES 2º E.S.O

Aqueles alumnos que periódicamente entreguen os traballos e fichas propostas polo profesor ben feitos, e mostren unha clara progresión en todas as capacidades (auditiva, lecto-musical, interpretativa, comprensiva, etc…) poderán obter unha cualificación positiva en cada trimetre sen necesidade de realizar probas específicas.
O resto de alumnos, realizarán o remate da cada trimestre unha serie de probas de caráter teórico-práctico, avaliadoras dos contidos anteriormente establecidos. Os criterios de cualificación destas probas será o mesmo que o establecido para a convocatoria extraordinaria do mes de Setembro na programación de 2º e.s.o.

A superación destas probas levará consigo o aprobado da materia. O alumnos deberá acadar unha cualificación igual ou superior o 5.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PENDENTES 3º E.S.O

Aqueles alumnos que periódicamente entreguen os traballos e fichas propostas polo profesor ben feitos, e mostren unha clara progresión en todas as capacidades (auditiva, lecto-musical, interpretativa, comprensiva, etc…) poderán obter unha cualificación positiva en cada trimetre sen necesidade de realizar probas específicas.

O resto de alumnos, realizarán o remate da cada trimestre unha serie de probas de caráter teórico-práctico, avaliadoras dos contidos anteriormente establecidos. Os criterios de cualificación destas probas será o mesmo que o establecido para a convocatoria extraordinaria do mes de Setembro na programación de 3º e.s.o.

A superación destas probas levará consigo o aprobado da materia. O alumnos deberá acadar unha cualificación igual ou superior o 5.